

Identificación de ámbitos de aplicación

Identificación de ámbitos de aplicación

As linguaxes de etiquetaxe teñen unha ampla aplicación en multitude de ámbitos. Cítanse a continuación algúns deles:

- **Marcado de documentos de tipo xeral.** Por exemplo, [Docbook](#) é unha linguaxe de marcas que permite a etiquetaxe de documentos para todo tipo de material e programas informáticos. Outro exemplo é a linguaxe de marcación para wikis denominada [Wikitexto](#), da que, desgraciadamente, non existe un estándar que defina a súa sintaxe.
- **Tecnoloxías Internet.** Sen dúbida é un dos ámbitos de aplicación onde máis se usan as linguaxes de marcas. De feito, a evolución da World Wide Web está directamente ligada a linguaxes de marcación como [SGML](#) (*Standard Generalized Markup Language*), HTML, XML, etc.
- **Linguaxes de marcación especializadas.** Aplícanse a ámbitos específicos como as matemáticas ([OpenMath](#)), o modelado de realidades virtuais ([VRML](#)) ou os videoxogos ([BulletML](#)), entre outros.

Un dos ámbitos de aplicación onde as linguaxes de marcas teñen un papel moi relevante (en especial o XML) é nas tecnoloxías web e en especial na [web semántica](#). Neste sentido, a [evolución das linguaxes de marcas](#) determinaron a World Wide Web, tal e como a coñecemos hoxe en día.

--Arribi 15:46 22 sep 2010 (BST)